

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 28 DE SETEMBRO DE 2015

=====

LUGAR: Sala de Xuntas do Concello de Cangas

DÍA: 28 de setembro de 2015

HORA DE COMEZO: 20:35 h.

HORA DE REMATE: 21:15 h.

ASISTENTES: D. Xosé Manuel Pazos Varela (alcalde-presidente), D. Mariano Abalo Costa, D. Andrés García Bastón, D^a Mercedes Giráldez Santos, D. Xoán Carlos Chillón Iglesias, e D. Tomás Hermelo Álvarez.

AUSENTES: D. Héitor Mera Herbello e D^a Ángela Vizoso Marcos.

SUPLENTE: D^a Lourdes Rial Pardo.

Baixo a presidencia do Sr. alcalde, asistidos por min a secretaria xeral, D^a Berta Alonso Soto e a interventora, D^a M^a Jesús Piñeiro Bello, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, pola Presidencia declárase aberta a sesión, coa seguinte:

ORDE DO DÍA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O DÍA 21 DE SETEMBRO DE 2015

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou, aprobar o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local, realizada o día 21 de setembro de 2015.

URBANISMO E PATRIMONIO

2º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO DÍA 24 DE SETEMBRO DE 2015, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS

2.A) APROBACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

2.A.1) LICENZA DE OBRAS MAIORES.- Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e tralos informes técnicos e xurídicos a eles incorporados, a Xunta de Goberno Local acordou o seguinte: outorgar as seguintes licenzas urbanísticas, deixando a salvo o dereito de propiedade e os de terceiros. O acto de edificación ou uso do solo realizarase de conformidade coa documentación presentada, coas condicións particulares e coas seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares de obter, de ser o caso, as preceptivas autorizacións dos outros organismos con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Autoridade Portuaria de Vigo, Xefatura de Costas de Pontevedra, Comisión Provincial de Patrimonio Histórico-Artístico, etc.).

2ª.- Advírteselle ó/á interesado/a que esta licenza carece de validez en tanto o/a técnico/a aparelador/a municipal non efectúe a operación de "tira de cordas", polo que o/a interesado/a deberá solicitar que esta se leve a cabo antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá presentar no concello tres informes por escrito do estado das obras e da súa adecuación ó proxecto e á licenza municipal na que se abeiran, nas seguintes fases da obra:

a) Cando as fábricas, tanto interiores como exteriores, estean iniciadas sobre o rasado da cimentación.

b) Cando estea rematada a estrutura do teito correspondente á altura total da edificación.

c) Cando estea finalizada a obra.

4ª.- Antes do inicio das obras deberá colocarse un valado de protección, que non poderá impedir o tránsito público para o que deberá obter, previamente, licenza municipal. O valado deberá acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal empregado nas obras e para as persoas que transiten pola vía pública.

5ª.- Deberá colocarse un cartel de dimensións mínimas de 1,70 x 0,84 metros, onde figure o número e data da licenza, número de andares e nomes do promotor, arquitecto, aparelador e construtor. O titular da licenza adoptará toda as medidas de seguridade previstas na normativa vixente.

6ª.- Deberá ter, na obra, a licenza e o proxecto selado polo concello a disposición dos funcionarios municipais.

7ª.- De conformidade co disposto no artigo 35 do R.d.l. 1/92, do 26 de xuño, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación: dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima: seis meses, debendo comunicárselle ó concello. Indícase que, con carácter excepcional e por só unha vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras: dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

8ª.- A edificación non poderá ser ocupada en ningún dos seus andares ata que as obras estean completamente rematadas, nese momento solicitaráselle ó concello a preceptiva licenza de primeira ocupación, achegando certificado de final de obra asinado polos directores desta e visado polos colexios correspondentes. En dito certificado especificarase que as obras se axustan ás condicións da licenza municipal e, así mesmo, achegarase documento acreditativo de que a obra foi dada de alta para os efectos do imposto sobre bens inmobles e escritura de división horizontal ou de declaración de obra nova, segundo os casos.

9ª.- O comezo da obra e a efectividade da licenza estará condicionada, en todo caso, á presentación no concello de un exemplar do proxecto de execución.

10ª.- Cando nas proximidades das obras que se autorizan existan instalacións de redes de servizos públicos que poidan resultar afectadas pola realización das obras, o titular da licenza daralle conta diso ó concello e estará obrigado a repoñer, ó seu estado anterior, os danos que puidesen ocasionarse, ou sufragar os gastos. Suspenderase a efectividade da licenza concedida mentres non se cumpra a obriga citada.

11ª.- Toda variación que se produza no proxecto presentado, así como, na dirección técnica ou empresa construtora, deberá selle comunicar ó concello para a súa conformidade.

12ª.- Antes de comezar a construción a que fai referencia esta licenza, o/a promotor/a das obras deberá instalar no límite da parcela contiguo ó camiño ó que dá fronte, un foxo de formigón protexido cunha reixa co único fin de limpar as rodas dos vehículos que se empreguen na obra, especialmente en épocas de choiva, co obxecto de evitar a perda de area nos viarios de comunicación co conseguinte risco para a circulación rodada.

* Calquera dos incumprimentos do condicionado suporá a SUSPENSIÓN INMEDIATA das obras, de conformidade co indicado no art. 209.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

EXPEDIENTE Nº 24.068.- LICENZA MUNICIPAL Nº 23.124.- A J. P. G., modifícaselle a referida licenza no sentido en que as obras axustaranse igualmente as novas condicións impostas pola Deputación Provincial en autorización de data 3 de marzo de 2.015.

EXPEDIENTE Nº 25.243.- A M. F. P., para en Rúa Cega 23 - Cangas, rehabilitar unha vivenda en 25,45 m² de planta baixa, outros tantos de primeiro andar e un patín de 6,60 m², e ampliála en 18,15 de aproveitamento baixo cuberta, de conformidade co proxecto básico e de execución do arquitecto Fernando Baliño Pizcueta, visado o 4 de agosto de 2015, a que antes do inicio das obras presente o nomeamento do director de obras, así como do coordinador de Seguridade e saúde e a formalizar ante o Catastro a modificación que plantexa a presente licenza. Autorízase a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade reguladas no Decreto 29/2010, do 4 de marzo.

Malia iso deberá cumprir o establecido no artigo 47 do Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Antigo de Cangas (BOP 28-6-2000) que dispón: "En todo o conxunto edificado do Casco Histórico recoméndase a utilización de contrafiestras interiores de madeira nos ocos da fiestras, balcóns ou portas de aire, pintadas en branco ou cores que harmonicen co da carpintería.

Prohíbese expresamente, en calquera caso, a exposición ó exterior de persianas plásticas ou doutros materiais, tampouco se pode instalar capialzados exteriores para aloxar persianas enrolables ou toldos.

As galerías ou miradores só poderán levar ó interior persianas venecianas ou enrolables de materiais moi lixeiros que non modifiquen o efecto de transparencia e lixeireza dos seus parámetros. A súa coloración harmonizará co do entramado da galería ou mirador, debendo evitarse a gama de cores primarios.

EXPEDIENTE Nº 25.500.- J. O. R. M., para en Espírito Santo 3 - Coiro, rehabilitar unha vivenda en 75,25 m2 de planta baixa e ampliála en outros tantos de primeiro andar, de conformidade co proxecto do arquitecto José Luis Domínguez González, visado con data 27 de abril de 2015 e autorización da Deputación Provincial de data 30 de xullo de 2015 e a formalizar ante o Catastro a modificación que expón a presente licenza.

Acéptaselle a cesión gratuíta de terreo para o vieiro efectuada con data 15 de setembro de 2015.

Simultaneamente á edificación deberá complementar a urbanización das frontes de parcela aceptándose o aval en garantía da mesma por importe de 482,94 euros.

2.A.2) EXPEDIENTES DE OBRAS PENDENTES SOBRE A MESA:

EXPEDIENTE Nº 25.545.- A GAS GALICIA S.D.G. S.A. con enderezo en Trav. De -Vigo 204 - Vigo, para en Avda. Moaña 31 - Cangas, executar unha canalización de 1,00 metros, para gas natural de conformidade coa documentación presentada e coas seguintes condicións:

As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo o 15 de setembro.

Nin durante o período das festas de Nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de semana Santa. Deberá regular o tráfico durante as obras. Non se permiten reposicións parciais.

Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten canalizacións sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe computarse no aval global depositado o importe de 300,00 euros para responder das obras de reposición da vía pública. No caso de que o Concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de Gas Galicia o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da gabia.

Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo art. 194.3 da Lei 9/2002, do Solo de Galiza e 43.1 da Lei 8/2012, de Vivenda de Galiza, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

EXPEDIENTE Nº 25.569- A GAS GALICIA S.D.G. S.A. con enderezo en Trav. De -Vigo 204 - Vigo, para en Serra de Nacente 13 - Darbo, executar unha canalización de 305,62 metros, para gas natural de conformidade coa documentación presentada e coas seguintes condicións:

As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo o 15 de setembro.

Nin durante o período das festas de Nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de semana Santa. Deberá regular o tráfico durante as obras. Non se permiten reposicións parciais.

Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten canalizacións sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe computarse no aval global depositado o importe de 8.905,13 euros para responder das obras de reposición da vía pública. No caso de que o Concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de Gas Galicia o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da gabia.

Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo art. 194.3 da Lei 9/2002, do Solo de Galiza e 43.1 da Lei 8/2012, de Vivenda de Galiza, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

EXPEDIENTE Nº 25.621.- A GAS GALICIA S.D.G. S.A. con enderezo en Trav. De -Vigo 204 - Vigo, para en Real 39 - Cangas, executar unha canalización de 3,00 metros, para gas natural de conformidade coa documentación presentada e coas seguintes condicións:

As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo ao 15 de setembro.

Nin durante o período das festas de Nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de semana Santa. Deberá regular o tráfico durante as obras. Non se permiten reposicións parciais.

Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten canalizacións sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe computarse no aval global depositado o importe de 1.266,33 euros para responder das obras de reposición da vía pública. No caso de que o Concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de Gas Galicia o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da gabia.

Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo art. 194.3 da Lei 9/2002, do Solo de Galiza e 43.1 da Lei 8/2012, de Vivenda de Galiza, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

EXPEDIENTE Nº 25.625.- A GAS GALICIA S.D.G. S.A. con enderezo en Trav. De -Vigo 204 - Vigo, para en Arco 7 - Cangas executar unha canalización de 2,00 metros, para gas natural de conformidade coa documentación presentada e coas seguintes condicións:

As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo ao 15 de setembro.

Nin durante o período das festas de Nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de semana Santa. Deberá regular o tráfico durante as obras. Non se permiten reposicións parciais.

Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten canalizacións sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe computarse no aval global depositado o importe de 300,00 euros para responder das obras de reposición da vía pública. No caso de que o Concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de Gas Galicia o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da gabia.

Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo art. 194.3 da Lei 9/2002, do Solo de Galiza e 43.1 da Lei 8/2012, de Vivenda de Galiza, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

EXPEDIENTE Nº 25.638.- A GAS GALICIA S.D.G. S.A. con enderezo en Trav. De -Vigo 204 - Vigo, para en rúa O Hío 6 - Cangas executar unha canalización de 1,00 metros, para gas natural de conformidade coa documentación presentada e coas seguintes condicións:

As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo ao 15 de setembro.

Nin durante o período das festas de Nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de semana Santa. Deberá regular o tráfico durante as obras. Non se permiten reposicións parciais.

Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten canalizacións sobre a calzada, debéndose empregar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe computarse no aval global depositado o importe de 300,00 para responder das obras de reposición da vía pública. No caso de que o Concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de Gas Galicia o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da gabia:

Deberán repoñerse as pedras enteiras, formando ringleiras completas co despece existente nas mesmas, e co mesmo acabado existente que debido a pendente que presenta é un granito con tratamento de flameado para evitar esvaramentos.

Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo art. 194.3 da Lei 9/2002, do Solo de Galiza e 43.1 da Lei 8/2012, de Vivenda de Galiza, da

esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

2.A.3) INFORMACIÓN URBANÍSTICA SOBRE A MESA DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE Nº 23/2013.- En relación coa solicitude de autorización previa para instalación dunha piscina, promovido por A. C. B., a Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMEIRO.- Informar favorablemente o expediente de autorización autonómica de A. C. B., no senso de tramitar en solo rústico de protección de espazos naturais autorización autonómica para instalación de unha piscina en finca sita en Subida a Couso 134 - Vilanova - O Hío, de conformidade co proxecto do aparelador Rafael Soliño Costas, de setembro de 2013, o uso é autorizable pola Comunidade Autónoma en virtude do disposto nos artigos 33 e 39 e a DT 1 f) da LOUGA.

2.A.4) LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE Nº 23.201.- LICENCIA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACION PETICIONADA POR T. N. B.- A Xunta de Goberno Local tendo en conta o informe conxunto, emitido ó respecto pola Arquitecta da Oficina de Rehabilitación e Arquitecto Municipal, con data 23 de setembro de 2015, acordou: a) outorgar LICENCIA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACION, a T. N. B., para rehabilitación e ampliación de dúas vivendas, sita en Fomento 26-28 - Cangas, construídas ao abeiro da licenza municipal Nº 22.447.

EXPEDIENTE Nº 25 . 020 . - LICENCIA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACION PETICIONADA POR J. S. P.- A Xunta de Goberno Local tendo en conta o informe-comprobación, emitido ó respecto pola Arquitecta da Oficina de Rehabilitación, con data 17 de setembro de 2015, acordou: a) outorgar LICENCIA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACION, a J. S. P., para legalización de adaptación de edificación e demolición de sobre ático, sita en Méndez Núñez 19 - Cangas, construída o abeiro da licenza municipal Nº 23.945.

2.A.5) PARCELACIÓN URBANÍSTICAS DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE Nº 25.573.- SOLICITUDE DE INNECESARIEDADE DE LICENZA DE PARCELACION URBANISTICA PETICIONADA POR M. A. E J. C. S.

A Xunta de Goberno Local, acorda declarar a innecesariedade de licenza municipal de parcelación urbanística para a división das parcelas matriz con referenedias catastrais que se dirán, ó ser o propio planeamento municipal, o que reflicte a existencia de cinco

parcelas independentes , como así o recolleu o Plan Especial de Reforma Interior con fichas individualizadas para cada unha delas, contando con acceso propio dende a vía pública e sendo susceptibles de uso e aproveitamento independente e artigo 18 do PEPRI sinala que " O parcelario se manterá a efectos rexistrados de acordo co proxecto elaborado polo enxeñeiro de edificación e aparellador Álvaro Germade Pórtela de data xuño de 2015, por canto os lotes resultantes da mesma cumpren coa lexislación aplicable e ca ordenación territorial e urbanística, non dando lugar ó fraccionamento dos terreos a novos asentamentos, e cumprindo o establecido no artigo 15 do PEPRI que sinala que " O parcelario se manterá a efectos rexistrados":

1. Manuel Graña 9 e Fonte Garrida 1 (referencia catastral 77 91201NG177 9S0001TY)
2. Manuel Graña 11 (referencia catastral 77 91216NG177 9S0001ZY)
3. Manuel Graña 13 esquina Loureiros -18 (referencia catastral 7791215NG1779S0001SY)
4. Loureiros 16 (referencia catastral 77 91214NG177 9S0001EY)
5. Loureiros 14 (referencia catastral 77 91213NG177 9S0001JY)

A declaración de innecesiedade de licenza de parcelación enténdese outorgada salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

3º.- DACIÓN DE CONTA DAS DECLARACIÓNS PREVIAS DE OBRAS E ACTIVIDADES

A Xunta de Goberno Local, queda informada das seguintes comunicacións previas de obras e actividades:

Dáse conta a Xunta de Goberno Local das seguintes comunicacións previas:

OBRAS

EXPEDIENTE Nº 25.591.- J. S. C., reparacións exteriores en Toxeira 18 - Darbo.

EXPEDIENTE Nº 25.618.- COMUNIDADE DE VECINOS ABANCA, reparacións interiores e exteriores en planta 5 e 6 en San Xosé 1 - Cangas.

EXPEDIENTE Nº 25.632.- A. M. N. C., cerco frontal en Nerga - O Hío.

EXPEDIENTE Nº 25.636.- E. M. R., local para trasteiro en Pedreira 13 - Coiro.

EXPEDIENTE Nº 25.643.- CONSELLERIA DE TRABALLO E BENESTAR, obras de conservación e nova tabiquería en Paseo Marítimo 8 - Cangas.

EXPEDIENTE Nº 25.647.- COMUNIDADE PROPIETARIOS RAXEIRIÑA; reparación fachada en A Guardia 11 - Cangas.

EXPEDIENTE Nº 25.651.- D. L. P., reparación alicatados e falso teito en Avda. Galicia"5 - 5ºE - Cangas.

SERVIZOS SOCIAIS, IGUALDADE E SANIDADE

4º.- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE SERVIZO SOCIAIS, IGUALDADE E SANIDADE, S/ APROBACIÓN DAS BASES DA AULA DE ESTIMULACIÓN

Examinada a Proposta do Concelleiro Delegado de Servizos Sociais, Igualdade e Sanidade, do día 24.09.15, relativa á aprobación das bases da Aula de Estimulación, que di:

"PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE SERVIZOS SOCIAIS, IGUALDADE E SANIDADE

Dende a Concellería de Servizos Sociais, Igualdade e Sanidade considerase necesario proceder a convocatoria do proceso selectivo conducente a contratación dun/ha pedagogo/a ou psicopedagogo/a, dun/ha fisioterapeuta e dun/ha mestre/a especialista en audición e linguaxe, pedagogía terapéutica ou educación especial que permitan dar continuidade ao servizo de "Aula de Estimulación de Nenos/as" estimando que este é un caso excepcional, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables e nun eido esencial.

Visto o que antecede e sendo a Xunta de Goberno Local a competente para aprobar as bases e a convocatoria das prazas indicadas con base na delegación realizada pola Alcaldía, elevo á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA:

PRIMEIRO: Aprobar as bases de selección para a contratación dun/ha pedagogo/a ou psicopedagogo/a, dun/ha fisioterapeuta e dun/ha mestre/a especialista en audición e linguaxe, pedagogía terapéutica ou educación especial que estarán afectos ó servizo "Aula de Estimulación de Nenos/as".

Bases que acompañan como anexo a presente proposta de resolución.

SEGUNDO: Convocar as prazas mencionadas e ordenar que se sigan tódolos trámites ata que se proceda a súa contratación en réxime laboral temporal na modalidade de obra ou servizo para o servizo "Aula de Estimulación de Nenos/as".

TERCEIRO: Que se proceda a publicación das bases de acordo co disposto nas mesmas.

PROPOSTA DE BASES PARA A SELECCIÓN DUN/HA PEDAGOGO/A OU PSICOPEDAGOGO/A, DUN/HA FISIOTERAPEUTA E DUN/HA MESTRE/A ESPECIALISTA EN AUDICIÓN E LINGUAXE, PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA OU EDUCACIÓN ESPECIAL PARA O SERVIZO "AULA DE ESTIMULACIÓN DE NENOS/AS" PARA O CURSO 2015/16.

PRIMEIRA.- OBXECTO, RÉXIME DE CONTRATACIÓN, SISTEMA DE SELECCIÓN E PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA.

O obxecto das presentes bases é a selección e posterior contratación dun/ha pedagogo/a ou psicopedagogo/a, dun/ha fisioterapeuta e dun/ha mestre/a especialista en audición e linguaxe, pedagogía terapéutica ou educación especial que estarán afectos ó servizo "Aula de Estimulación de Nenos/as" durante o período sinalado a continuación.

A contratación será de carácter laboral e temporal, en réxime de xornada completa, cun salario de 1.504,25 euros brutos/mes, incluída a parte proporcional da paga extraordinaria no caso do pedagogo/a-psicopedagogo/a e de 1358.03 euros brutos/mes, incluída a parte proporcional da paga extraordinaria para os postos de fisioterapeuta e mestre/a.

A duración do contrato contarase a partir da data da súa sinatura (estimada para o 1 de novembro de 2015 podendo adiarse en función da duración do proceso de selección) e finalizará o 30 de xullo de 2016.

Efectuada a selección dos/as aspirantes, o Concello de Cangas procederá á súa contratación, utilizando a modalidade de contrato temporal por obra o servizo determinado.

Cos aspirantes que tendo superado o proceso selectivo, e pola nota final non acadasen praza, confeccionarase un listado para cubrir as baixas ou renuncias que se puideran producir entre o persoal que resultase seleccionado, adxudicándose a contratación ao seguinte aspirante en puntuación.

O sistema de selección será o de concurso-oposición.

SEGUNDA.- PUBLICIDADE

As presentes bases estarán expostas ao público no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web do Concello (www.cangas.org) durante o prazo sinalado para a presentación de instancias, co fin de posibilitar a presentación de reclamacións ou suxestións as bases ademais de publicarse un anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

De presentarse reclamacións as bases no período indicado –que non suspenderán o prazo para a remisión de instancias para participar no proceso selectivo- a selección demorarase ata a resolución das mesmas. De ser aceptada ou aceptadas algunha das reclamacións ou suxestións formuladas, abrirase un novo período de presentación de instancias de conformidade coas bases modificadas. Contra a resolución que estime ou desestime as reclamacións ás bases, non caberá recurso ningún, sen prexuízo de poder recorrer tal circunstancia xunto coa resolución que poría fin ao procedemento.

O taboleiro de anuncios da Casa do Concello será igualmente, o medio para dar publicidade a tódalas notificacións dos actos que deriven do proceso selectivo iniciado coas presentes bases.

TERCEIRA.- REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES

Para seren admitidos/as os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Ser cidadán/a español/a ou atoparse dentro do ámbito previsto no artigo 57 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

b) Ter cumpridos dezaoto anos de idade e non ter acadado a idade de xubilación forzosa.

c) Posuír a capacidade funcional necesaria para o desempeño das tarefas que se van realizar.

d) Para cada unha das prazas convocadas, estar en posesión da seguinte titulación: PEDAGOGO/A-PSICOPEDAGOGO/A: licenciado/a en Pedagogía ou Psicopedagogía (ou no seu caso as titulacións equivalentes de grao).

MESTRE/A, ESPECIALISTA EN:

- Audición e Linguaxe ou
- Pedagogía Terapéutica ou
- Educación Especial

Así mesmo admitiranse as titulacións de:

- Grao de Educación Primaria coa mención en Audición e Linguaxe ou Pedagogía Terapéutica e
- Diplomado/a en EXB ou mestre de primeiro ensino coa especialidade de Audición e Linguaxe ou Pedagogía Terapéutica.

FISIOTERAPEUTA: diplomado/a en Fisioterapia (ou no seu caso a titulación equivalente de grao).

e) Non ter sido apartado mediante expediente disciplinario do servizo ao Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.

f) Non atoparse incurso en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade á hora da formalización do contrato.

g) Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.

CUARTA – SOLICITUDES E PRAZO DE PRESENTACIÓN DESTAS.

Os que desexen tomar parte nas probas selectivas deberán facelo constar presentando a instancia dirixida á Alcaldía do Concello de Cangas, que deberá ser entregada no Rexistro de Xeral de Entrada do Concello de Cangas no prazo de dez días naturais a contar dende o día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no boletín oficial da provincia e en horario de atención ao público.

A presentación de solicitudes poderá facerse en calquera das formas establecidas no art. 38.4 da Lei 30/92 de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; as solicitudes que se presenten a través da oficina de correos deberán entregarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo funcionario de Correos antes de seren certificadas. Caso de que a instancia non se presente directamente no rexistro xeral do concello o/a aspirante deberá dirixir por fax, ó 986304850 unha copia da instancia con anterioridade ó remate do prazo na que figure a data de presentación no rexistro correspondente, ós efectos de que poida ser incluída na relación de admitidos/as.

Estas solicitudes obrigatoriamente deberán presentarse no modelo oficial marcando a referencia "AULA DE ESTIMULACIÓN DE NENOS/AS".

Dita solicitude irá acompañada da seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI ou NIE.
- Fotocopia da titulación esixida (base terceira, letra d).
- Declaración de cumprimento dos requisitos indicados na base terceira.
- Toda a documentación que desexe que se lle valore na fase de concurso, de acordo co baremo especificado no punto sétimo das bases.
- Proxecto descrito na fase de oposición (base sétima, letra B.a).
- Xustificante acreditativo do pago das taxas (base oitava).

A non presentación de calquera destes documentos será motivo de exclusión.

Toda a documentación aportada deberá presentarse cotexada co orixinal.

Os/as aspirantes quedan vinculados/as ós datos que fixeran constar na súa solicitude, se ben os erros de feito que poidan advertirse poderán emendarse ou repararse en calquera momento, ben de oficio, ben a instancia de parte.

Ás persoas que resultaran seleccionadas requiriráselle, previamente á súa contratación, documentación que acredite o cumprimento dos requisitos establecidos na base terceira.

As solicitudes deberán presentarse no modelo de instancia adxunto as presentes bases que inclúe a declaración pola que se fai constar expresamente o cumprimento dos requisitos establecidos na base terceira, sen prexuízo de que ao final do proceso selectivo se deba acreditar documentalmente ese cumprimento. Non obstante deberá procederse a esta acreditación en calquera momento anterior se así o esixe o Negociado de Persoal do Concello ou o Tribunal de Selección.

QUINTA.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES

Finalizado o prazo de presentación de instancias, a Presidencia da Corporación aprobará a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as, especificando, no seu caso, os motivos da exclusión, o que será exposto no Taboleiro de Anuncios deste Concello. Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de 3 días hábiles contados a partir do seguinte ó da publicación para poder emendar, no seu caso o defecto que motivase a exclusión. No suposto de producirse reclamación, ditarase nova resolución estimándoa ou desestimándoa o que se fará público, igualmente no Taboleiro de Anuncios do Concello no prazo de 2 días hábiles do remate do prazo anterior.

O feito de figurar incluído na relación de admitidos non prexulga que se lle recoñeza os interesados a posesión dos requisitos esixidos no proceso selectivo convocado os cales deberán ser xustificados documentalmente no suposto de que os aspirantes admitidos superen a proba selectiva. Igualmente se en calquera momento da tramitación do proceso de selección se comproba que o/a aspirante carece deses requisitos malia figurar incluído na lista de admitidos será excluído inmediatamente.

SEXTA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR

O tribunal que xulgará as probas terá por obxecto garantir e supervisar o correcto desenvolvemento do proceso en tódalas súas fases. Estará composto por cinco membros. Non poderá constituírse sen a asistencia da metade mais un dos seus membros titulares ou suplentes.

Os membros titulares e suplentes terán igual ou maior titulación ca esixida ós aspirantes á praza convocada, e terán voz e voto.

Estes deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocante, cando concorran neles algunha circunstancia prevista no artigo 28 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

A composición efectiva do tribunal a efectos da formulación de recusación é a seguinte:

PRESIDENTA: Berta Alonso Soto.

SECRETARIO: Fabián Fernández Gómez.

Vocal 1º: Eugenia Silva Parceró.

Vocal 2º: Estanislao Graña García.

Vocal 3º: Teresa Casal Rivas.

SUPLENTE INDISTINTA: Olga Gómez Corbal.

O Tribunal poderá contar coa colaboración dos asesores externos que considere oportunos, que actuarán con voz e sen voto, limitándose a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

O Tribunal constituírse no día e hora que figure na correspondente convocatoria.

SÉTIMA.– SISTEMA DE SELECCIÓN, FORMA DE DESENVOLVEMENTO E SISTEMA DE CUALIFICACIÓN

O concurso-oposición constará de dúas fases:

1. Fase de concurso: valoración dos méritos que representará un 40% da cualificación total.
2. Fase de oposición: que representará o 60% da puntuación total.

O Sistema de selección desenvolverase de acordo co seguinte esquema:

A) PRIMEIRA FASE: CONCURSO.

Esta fase levarase a cabo de conformidade cos seguintes baremos:

a) EXPERIENCIA PROFESIONAL

-Exercicio da mesma categoría profesional na administración local: 0,20 puntos por mes traballado.

-Exercicio da mesma categoría profesional nas distintas administracións Públicas: 1,00 punto por ano traballado.

-Exercicio da mesma categoría profesional en empresas privadas: 1,00 punto por ano traballado.

(Acreditarase con fotocopias compulsadas dos contratos de traballo e vida laboral do solicitante. Para o caso dos/as traballadores/as autónomos/as alta no IAE e vida laboral. No caso de servizos prestados na administración pública, poderán presentarse certificacións de servizos prestados a efectos de valoración da experiencia.)

Ata un máximo de 20 puntos.

b) FORMACIÓN PROFESIONAL

Cursos en materias propias da praza e posto.

Asistencia a cursos relacionados co traballo a realizar :

- Por cada curso de ata 25 horas 0,01 puntos.
- Por cada curso de duración superior ás 25 horas 0,05 puntos.
- Por cada curso de duración superior ás 50 horas 0,10 puntos.
- Por cada curso de duración superior ás 100 horas 0,25 puntos.
- Por cada curso de duración superior ás 250 horas 0,75 puntos.
- Por cada curso de duración superior ás 500 horas 1 punto.

Non se valorarán as asistencias a xornadas, cursos, simposios ou conferencias en xeral, se non se especifica de xeito claro, a duración en horas da acción formativa.

Só se valorarán os cursos impartidos por organismos oficiais ou debidamente homologados por estes (especialmente escolas ou institutos administrativos de formación do persoal ó servizo das administracións públicas e universidades). Neste senso non serán obxecto de valoración as certificacións expedidas por academias privadas se non se xustifica a homologación sinalada.

Máximo 20 puntos

B) SEGUNDA FASE: OPOSICIÓN

a) PROXECTO

Consistirá en realizar un "Plan de intervención para a estimulación dos nenos/as con dificultades, por áreas de actuación: PEDAGOXÍA - PSICOPEDAGOXÍA /FISIOTERAPIA/ EDUCACIÓN ESPECIAL - AUDICIÓN E LINGUAXE - PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA", segundo corresponda.

O proxecto deberá ser presentado tendo como data límite de presentación, a de presentación de instancias especificada na base terceira e deberá ser exposto ante o Tribunal na data, hora e lugar que se indiquen na resolución pola que se aprobe o

listado provisional de admitidos e excluídos. O Tribunal trala exposición poderá efectuar preguntas relativas ao contido do proxecto.

A puntuación máxima será de 58 puntos, sendo necesario obter 29 puntos para superar a proba.

b) EXAME DE GALEGO

Os aspirantes que teñan superado a proba práctica serán convocados no día, hora e lugar que sinala o Tribunal para a realización dunha proba de coñecemento da lingua galega de carácter non eliminatorio que consistirá na tradución castelán-galego e galego-castelán dun texto proposto polo tribunal de non menos de cinco liñas. A proba valorarase de 0 a 2 puntos.

Quedarán exentos da realización deste exercicio os aspirantes que acrediten estar en posesión do Certificado en Lingua Galega – nivel 4 (CELGA 4) ou superior, ou a súa validación, ou a certificación do curso de Lingua Galega de Perfeccionamento. Os aspirantes que acheguen dito certificado se puntuarán con 2 puntos. O certificado será presentado ao Tribunal con antelación á realización da proba.

(Acreditarase coa fotocopia compulsada dos títulos).

OITAVA. – DEREITOS DE EXAME

Será requisito necesario para poder participar na proba selectiva o aboamento dos dereitos de exame dentro do período previsto para a presentación de instancias, achegándose o xustificante do ingreso xunto coa instancia.

Segundo o establecido na ordenanza fiscal municipal correspondente a cantidade a aboar é:

- Pedagogo/a ou psicopedagogo/a: 25,56 €
- Fisioterapeuta: 17,04 €
- Mestre/a: 17,04 €

O pago deberá facerse previa obtención da correspondente folla de liquidación na Tesourería do Concello.

NOVENA.- DESIGNACIÓN DA PERSOA APROBADA

Rematado o proceso de selección o Tribunal determinará a cualificación final do proceso. Esta será a suma da puntuacións obtidas na fase Concurso e na fase Oposición.

No suposto de empate na cualificación final de dous ou máis aspirantes, este resolverase por sorteo entre os aspirantes empatados.

A continuación, o Tribunal fará público o resultado do proceso e elevará ao Órgano de contratación a correspondente proposta de contratación que incluíra os aspirantes propostos para ser contratados e os propostos para integrar o listado de substitucións que estará constituído por aqueles aspirantes que tendo superado a puntuación mínima non obtivesen praza por orde de puntuación.

O Concello de Cangas procederá á contratación temporal dos/as candidatos/as que obtiveran a maior puntuación en función do número de prazas ofertadas especificadas nesta convocatoria, previa presentación da documentación acreditativa dos requisitos establecidos na base segunda.

DÉCIMA.– INTERPRETACIÓN DAS BASES.

As presentes bases vinculan á Administración Local convocante, ó Tribunal Cualificador e os/as aspirantes que participen no proceso.

O Tribunal cualificador queda facultado durante o desenvolvemento do proceso de selección para resolvelas dúbidas e incidencias que expoñan a súa aplicación, podendo adoptar resolucións, criterios e medidas con aqueles aspectos non regulados na presente convocatoria.

UNDÉCIMA. – NORMA FINAL

A presente convocatoria e cantos actos administrativos se deriven dela poderán ser impugnados polos interesados/as nos casos e na forma establecidos pola Lei 30/92, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. Así mesmo a Administración municipal poderá, no seu caso, proceder á revisión das resolucións dos tribunais conforme co previsto na mencionada Lei 30/1992 do 26 de novembro.

INSTANCIA PARA PARTICIPAR NO PROCESO SELECTIVO PARA CUBRIR AS PRAZAS DO SERVIZO AULA DE ESTIMULACIÓN DE NENOS/AS, CURSO 2015/16.

PRAZA:
PEDAGOGO/A –PSICOPEDAGOGO/A
FISIOTERAPEUTA
MESTRE/A

APELIDOS, NOME:
TELÉFONO:
DNI:
ENDEREZO:

Solicita ser incluído/a na relación de aspirantes admitidos no proceso selectivo da Aula de estimulación de nenos/as para o curso 2015/16 convocado polo Concello de Cangas.

Por medio do presente declara que non se atopa incurso/a en ningunha causa de incompatibilidade ou incapacidade que determine a lexislación vixente, non padece enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas e que cumpre tódolos requisitos esixidos na convocatoria (en particular os expostos na base terceira) e que non foi separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.

Cangas, de de 2015

Asdo. :

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR XUNTO Á PRESENTE SOLICITUDE:

A presente instancia, debidamente cuberta e asinada.

Fotocopia do D.N.I.

Fotocopia da titulación esixida (Base terceira letra d).

Proxecto para a fase de oposición (base sétima, letra A).

Xustificante acreditativo do pago das taxas.

No seu caso, documentación acreditativa dos méritos que desexe que se lle valoren na fase de concurso, de acordo co baremo especificado na base sétima.

No seu caso, documentación acreditativa título exención exame galego.

O Tribunal cualificador queda facultado durante o desenvolvemento do proceso de selección para resolver as dúbidas e incidencias que expoñan a súa aplicación, podendo adoptar resolucións, criterios e medidas con aqueles aspectos non regulados na presente convocatoria.

UNDÉCIMA. - NORMA FINAL

A presente convocatoria e cantos actos administrativos se deriven dela poderán ser impugnados polos interesados/as nos casos e na forma establecidos pola Lei 30/92, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. Así mesmo a Administración municipal poderá, no seu caso, proceder á revisión das resolucións dos tribunais conforme co previsto na mencionada Lei 30/1992 do 26 de novembro."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL

5º.- POSTOS DO VENDA AMBULANTE NO MERCADIÑO MUNICIPAL

5º.1.- TRANSMISIÓN DE AUTORIZACIÓN DO POSTO DE VENDA AMBULANTE Nº 121 DO QUE ERA TITULAR L. G. G.

Examinada a Proposta da Concellería de desenvolvemento económico e emprego local, do día 24.09.15, relativa a transmisión de autorización do posto de venda ambulante nº 121, que di:

"PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL RELATIVA A TRANSMISIÓN DE AUTORIZACIÓN DO POSTO DE VENDA AMBULANTE Nº 121 DO QUE ERA TITULAR L. G. G.

ANTECEDENTES

Por escrito de data de rexistro de entrada 06/07/2015 D-. L. G. G. con DNI 53611211M e enderezo en R/Torre, Cela, nº 10 B. solicita o cambio de titularidade do posto do que é titular, Nº 121 de venda de flores do mercado do venres, a favor de D. N. G. G. con DNI 52495036C domiciliado en Telleiro Espíritu Santo Nº 6, que manifesta a súa intención de adquirir dita autorización.

A solicitude anterior acompáñase da documentación acreditativa dos requisitos necesarios para que se produza a transmisión.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I.- A Lei 13/2010 de Comercio Interior de Galicia establece no seu artigo 76 que as licenzas serán transferibles a outras persoas físicas ou xurídicas que cumpran os requisitos establecidos no artigo 72.2 da citada norma, previa comunicación á administración competente.

II.- O artigo 16 da vixente ordenanza municipal reguladora da venda ambulante no termo municipal de Cangas (BOP 25/04/2013) nesa mesma liña prevé a transmisibilidade das autorizacións municipais de venda ambulante cumprindo os requisitos establecidos no mesmo polo tempo restante da licenza e previa satisfacción da taxa correspondente.

III.- No presente caso, vista a documentación presentada xunto coa solicitude, danse as circunstancias para outorgar a transmisión solicitada a favor do adquirente D. N. G. G. con DNI 52495036C.

IV.- O órgano competente para autorizar a transmisión que se comunica é a Xunta de Goberno Local en base ao disposto no artigo 16.2 da ordenanza municipal.

Dito o que antecede elevo para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de

ACORDO

PRIMEIRO: Estimar a solicitude de cambio de titularidade da autorización de venda ambulante do posto N° 121 do mercado do venres dedicado a venda de flores da que era titular D^a L. G. G. con DNI 53611211M a favor de D. N. G. G. con DNI 52495036C adoptando as disposicións oportunas para a súa formalización.

SEGUNDO: Notificar o presente acordo aos interesados, así como á Concellería de desenvolvemento económico e emprego local, conserxería do Mercado, e Tesourería."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

5º.2) RESOLUCIÓN DE RECURSOS DE REPOSICIÓN FRONTE A DENEGACIÓN DE PRÓRROGA PARA O ANO 2015 DAS LICENZAS MUNICIPAIS DE VENDA AMBULANTE

Examinada a Proposta da Concelleira de Desenvolvemento económico e emprego local, do día 28.09.15, relativa a resolución de recursos de reposición fronte a denegación de prórroga para o ano 2015 das licenzas municipais de venda ambulante, que di:

"PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL PARA A RESOLUCIÓN DE RECURSOS DE REPOSICIÓN FRONTE A DENEGACIÓN DE PRÓRROGA PARA O ANO 2015 DAS LICENZAS MUNICIPAIS DE VENDA AMBULANTE.

I.- O Regulamento municipal de venda ambulante do Concello de Cangas (B.O.P da provincia de Pontevedra do 8 de abril de 2013) no seu capítulo VI prevé que as autorizacións outórganse por períodos anuais, sendo obxecto de renovación previa solicitude do interesado por períodos sucesivos coincidentes co ano natural previa presentación da documentación orixinal esixida polo Concello.

Por tal motivo, rematado o período de autorización correspondente ao ano 2014, os titulares foron requiridos a fin de que solicitasen a preceptiva renovación para o ano 2015 no modelo formalizado proporcionado outorgando un período de tempo a tal efecto coa advertencia de que de non presentar esta solicitude de renovación no prazo indicado se entendería que renunciaban voluntariamente a renovación da autorización

II.- Por acordo de Xunta de Goberno Local de data 23/03/2015 declarouse a revogación das solicitudes de renovación das persoas que a seguir se relacionan.

III.- Os interesados sendo notificados do anterior acordo presentaron recursos de reposición, visto o seu contido, cumprindo os requisitos esixidos pola normativa en vigor, procede a súa estimación repoñendo o acordo anteriormente citado e outorgando as renovacións solicitadas.

IV.- O Órgano competente para o outorgamento das licenzas municipais é a Xunta de Goberno Municipal segundo o artigo 18.2 do Regulamento que dispón que se concederán "previa comprobación dos requisitos legalmente establecidos"

Á vista do anteriormente exposto propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO:

Primeiro.- Estimar os recursos de reposición presentados e renovar as licenzas municipais de venda ambulante para o ano natural 2015 ao abeiro do disposto no Regulamento municipal de venda ambulante do Concello de Cangas a:

Ref: 43. M. P. G.

Ref: 65. Copistería Foto Núñez S.L

Ref: 137. L. L. S.

Ref: 145. A. J. J.

Ref: 152. S. G. G.

Segundo.- Dar traslado deste acordo aos interesados xunto e os recursos procedentes así como aos departamentos municipais de Tesourería e Concellería de Emprego, industria, comercio, consumo e turismo."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

5º.3) PROPOSTA DE PRÓRROGA DAS LICENZAS MUNICIPAIS DE VENDA AMBULANTE PARA O ANO 2015

Examinada a Proposta da Concelleira de Desenvolvemento económico e emprego local, do día 28.09.15, relativa á proposta de prórroga das licenzas municipais de venda ambulante para o ano 2015, que di:

"PROPOSTA DE PRÓRROGA DAS LICENZAS MUNICIPAIS DE VENDA AMBULANTE PARA O ANO 2015

I.- O Regulamento municipal de venda ambulante do Concello de Cangas (B.O.P da provincia de Pontevedra do 8 de abril de 2013) no seu capítulo VI prevé que as autorizacións outórganse por períodos anuais, sendo obxecto de renovación previa solicitude do interesado por períodos sucesivos coincidentes co ano natural previa presentación da documentación orixinal esixida polo Concello.

Por tal motivo, rematado o período de autorización correspondente ao ano 2014, os titulares foron requiridos a fin de que solicitasen a preceptiva renovación para o ano 2015 no modelo formalizado proporcionado outorgando un período de tempo a tal efecto.

II.- O Órgano competente para o outorgamento das licenzas municipais é a Xunta de Goberno Municipal segundo o artigo 18.2 do Regulamento que dispón que se concederán "previa comprobación dos requisitos legalmente establecidos"

III.- Comprobada a documentación presentada polos interesados dentro do prazo outorgado para a renovación de licenzas, despois de emendar as deficiencias observadas inicialmente por cumprir cos requisitos esixidos procede adoptar o presente acordo polo que se outorga a renovación para o presente ano 2015 das licenzas municipais de venda ambulante das que son titulares as persoas que a continuación se identifican.

IV.- Do mesmo xeito procede tralo remate do proceso indicado declarar revogadas as licenzas de venda ambulante daqueles titulares que non presentaron a súa solicitude de renovación dentro do prazo outorgado, así como daqueles que presentando a citada solicitude de renovación con deficiencias na documentación precisa e tras ser requiridos non acreditaron satisfactoriamente a subsanación no prazo outorgado a tal efecto.

Á vista do anteriormente exposto a Xunta de Goberno Local ACORDA:

Primeiro.- Renovar as licenzas municipais de venda ambulante para o ano natural 2015 ao abeiro do disposto no Regulamento municipal de venda ambulante do Concello de Cangas (BOP 08/04/2013) a:

Ref: 58. M. C. A. F.

Ref: 151. M. A. C. M. M.

Ref: 153. S. J. G.

Segundo.- Dar traslado deste acordo aos interesados xunto cos recursos procedentes así como aos departamentos municipais de Tesourería e Concellería de Emprego, industria, comercio, consumo e turismo."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

CULTURA E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

6º- DAR CONTA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ENTIDADE NINGURES PRODUCCIÓN, S.L. E O ILMO. CONCELLO DE CANGAS.

Dase conta do convenio de colaboración entre a entidade Ningures Producción, S.L. e o Concello de Cangas, asinado o día 17.09.16, que di:

"CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ENTIDADE NINGURES PRODUCCIÓN S. L. E O ILMO. CONCELLO DE CANGAS PARA A ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DA ESCOLA MUNICIPAL DAS ARTES ESCÉNICAS DE CANGAS. (Exercicio 2015).

REUNIDOS

Por unha banda, D. Xosé Manuel Pazos Varela, Alcalde - Presidente do limo. Concello de Cangas.

Por outra banda, D. S. R. P., con D.N.I. 36.071.421 S, administrador de Ningures Producción S. L. con C. I. F.: B 36302784 e domicilio en rúa avenida de Moaña, 25 - 36940 Cangas.

INTERVEÑEN

Ambas as partes, no exercicio das competencias que teñen legalmente atribuídas, recoñecéndose reciprocamente, capacidade e abrogándose nos termos deste documento.

EXPOÑEN

PRIMEIRO: Que o CONCELLO, dentro das competencias que ten atribuídas pola lexislación vixente e en concreto as referidas no Artigo 25 da Lei 7/85 de 2 de Abril modificada por Lei 57/03 de 16 de decembro reguladora das Bases do Réxime Local, e no referente ás actividades e instalacións culturais, ten entre os seus propósitos a formación, fomento, promoción e produción de actividades culturais.

SEGUNDO: Que Ningures Producción S. L. é unha entidade que organiza e xestiona diferentes proxectos en prol da recuperación, defensa e promoción do patrimonio cultural de Galicia, centrando a súa actividade nas artes escénicas.

TERCEIRO: Que Ningures Producción S. L. desenvolve a Escola municipal das artes escénicas de Cangas.

CUARTO: Que, se ben o procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitárase en réxime de concorrencia competitiva, segundo o artigo 19 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, poderán concederse de forma directa as seguintes subvencións:

- a) As previstas nominativamente nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma nos termos recolleitos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións.
- b) Aquelas cuxo outorgamento ou contía veñan impostos á administración por unha norma de rango legal, que seguirán o procedemento de concesión que lles resulte de aplicación de acordo coa súa propia normativa.
- c) Con carácter excepcional, aquelas outras subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

QUINTO: Que segundo o artigo 26.1 da Lei de Subvencións de Galicia os convenios a través dos cales se canalicen estas subvencións establecerán as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto na mesma.

SEXTO: Que ambas as partes manifestan un mutuo interese por:

1. A cooperación entre ámbalas entidades para favorecer a divulgación e fomento das actividades teatrais entre os habitantes do Concello de Cangas.
2. Desenvolver a Escola municipal das artes escénicas de Cangas para o exercicio 2015.

Que en consecuencia, estando ámbalas partes comprometidas e de conformidade nos mesmos obxectivos, acordan aos efectos oportunos subscribir un convenio de colaboración suxeito ás seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Ningures Producción S. L. coorganizará co limo. Concello de Cangas a ESCOLA MUNICIPAL DAS ARTES ESCÉNICAS DE CANGAS. Exercicio 2015.

SEGUNDA.- O Concello de Cangas comprométese a:

- Aportar a cantidade de 3.000€ á Ningures Producción S. L. para o desenvolvemento da ESCOLA MUNICIPAL DAS ARTES ESCÉNICAS DE CANGAS para o exercicio 2015, con cargo á partida 334.48 do orzamento municipal para o exercicio 2015 e de

conformidade coa subvención nominativa prevista na base número 21 "Gastos de subvención" das bases de execución do presuposto municipal en vigor.

- Proporcionar as instalacións necesarias dentro do Auditorio municipal de Cangas para o desenrolo das actividades correspondentes a Escola Municipal das Artes Escénicas de Cangas no Auditorio Municipal de Cangas

TERCEIRA.- Ningures Producción S. L. ven desenvolvendo a Escola Municipal das Artes Escénicas de Cangas no Auditorio Municipal de Cangas.

Ordea a formación en tres cursos ou niveis:

1.- CURSO DE INTERPRETACIÓN

(Corpo emoción e voz)

Horario: martes de 19:00 a 21:00horas

Curso completo:

- 2 horas semanais
- 1 día á semana
- 32 semanas lectivas
- 64 horas de formación
- 8 mensualidades

2.- CURSO DE TEATRO PARA XOVES

(idades comprendidas entre os 13 e os 17 anos)

Horario: mércores de 19:00 a 21:00horas

Curso completo:

- 2 horas semanais
- 1 día á semana
- 32 semanas lectivas
- 64 horas de formación
- 8 mensualidades

3.- CURSO DE POSTA EN ESCENA DUNHA MONTAXE TEATRAL

Horario: xoves de 19:00 a 21:00horas

Curso completo:

- 2 horas semanais
- 1 día á semana
- 32 semanas lectivas
- 64 horas de formación
- 8 mensualidades
- Mostra do espectáculo na primeira semana de xullo de 2015

CUARTA.- Ningures Producción S. L. comprométese a:

- Executar no desenvolvemento da ESCOLA MUNICIPAL DAS ARTES ESCÉNICAS DE CANGAS exercicio 2015 o orzamento elaborado que se adxunta a este convenio.
- Someterse ás actuacións de comprobación e organización que os órganos competentes do Concello realicen respecto da xestión da solvencia e especificamente no relativo á celebración de espectáculos e actividades.
- Notificar ao Concello calquera modificación que se pretenda realizar no proxecto inicialmente presentado, que deberá ser autorizado previamente.
- Facer constar de forma clara que a actividade está subvencionada ou patrocinada polo limo. Concello, nos exemplares de programas, carteis, convocatorias de actividades e en toda a información gráfica, escrita e sonora que se realice con motivo do desenvolvemento da escola.

QUINTA.- Ningures Producción S. L. comprométese así mesmo, a presentar no Concello de Cangas antes do 30 de outubro de 2015 os documentos acreditativos da xustificación da subvención, que incluírán memoria detallada do programa da actividade desenrolada, presuposto de ingresos e gastos realizados e facturas orixinais xustificativas dos gastos, nos termos dispostos no artigo 28 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

SEXTA.- Establécese a obrigaón por parte da Ningures Producción S. L. de reintegrar os fondos no suposto de incumprimento dos requisitos e obrigaóns establecidas no presente convenio e, en todo caso, nos supostos regulados no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, e nos artigos 74 a 76 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

SÉTIMA.- No non previsto neste Convenio estarase ao disposto na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e no Real Decreto 887/2006, de

21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións.

En proba da súa conformidade, asinan as partes o presente convenio por duplicado, en Cangas a 17 de setembro de 2015."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda quedar informada da sinatura do Convenio coa Entidade Ningures Producción, S.L.

ENSINO E DEPORTE

7º.- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE ENSINO E DEPORTE E VOLUNTARIADO S/ APROBACIÓN DAS BASES DOS PREMIOS DA CULTURA PARA O ANO 2015.

Examinada a proposta do Concelleiro de Ensino e Deporte e Voluntariado, do día 24.09.15, de aprobación das bases dos premios da cultura para o ano 2015, que di:

"D. Xoán Carlos Chillón Iglesias, Concelleiro de Ensino e Deporte do Ilmo. Concello de Cangas

Propón:

Que a Xunta de Goberno Local adopte os seguintes acordos:

1.-Aprobación das bases dos premios da Cultura para o ano 2015 segundo o seguinte texto:

"PREMIOS DA CULTURA PARA O RECOÑECIMENTO PÚBLICO E INSTITUCIONAL.

Co obxectivo de incentivar, cohesionar e, ao mesmo tempo, recoñecer publicamente o labor de numerosas persoas e colectivos do noso Municipio que desenvolven un traballo inxente a prol da nosa Cultura, do noso Patrimonio e da Creación Artística, en calquera das súas múltiples facetas, o Ilmo. Concello de Cangas creou institucionalmente os Premios de Honra; e no presente exercicio 2015 a Concellería de Cultura e Normalización Lingüística desenvólveos de acordo coas seguintes bases:

PREMIOS:

1.- PREMIOS "XOHAN DE CANGAS":

1.1.A.- "PREMIO XOHAN DE CANGAS A LABOR CULTURAL" á persoa, colectivo ou entidade pública ou privada que se venia significando polo seu traballo na defensa e promoción da nosa Cultura en calquera dos seus eidos: música, baile, danza, audiovisuais, teatro, canto, animación sociocultural, tradición oral, cultura popular, etc.

2.1 B.- "PREMIO XOHAN DE CANGAS Á CREACIÓN ARTÍSTICA" á persoa, colectivo ou entidade pública ou privada que se teña significado pola súa obra de creación en calquera das facetas.

2.- PREMIO "IGNACIO CERVIÑO Á RECUPERACIÓN / PROMOCIÓN DO PATRIMONIO"
Dirixido a todas as persoas, colectivos ou entidades públicas ou privadas que se teñan distinguido por desenvolver iniciativas de investigación, recuperación, posta en valor, promoción... do noso Patrimonio histórico, artístico, documental, medioambiental ou arquitectónico.

Neste apartado poderán ser premiadas tamén obras concretas que vaian en consonancia co obxecto do premio.

BASES:

1.- Os premios consistirán nun recoñecemento oficial, non levando aparelhada remuneración económica.

2.- Poderán presentar candidaturas todas as asociacións culturais, veciñais, artísticas e sociais do Municipio de Cangas, así como todos os partidos políticos e grupos municipais da Corporación canguesa, ata o 25 de outubro de 2015. As candidaturas debidamente motivadas presentaranse por escrito e asinadas polo promotor no Auditorio Municipal de Cangas, ou por correo electrónico: cultura@cangas.org

3.- De entre todas as candidaturas, escollerá as gañadoras un xurado composto polos membros seguintes:

* O Concelleiro de Cultura e Normalización Lingüística, ou persoa en quen delegue, que presidirá o xurado.

* Tres persoas de recoñecido prestixio, que non sexan candidatas na mesma edición e preferentemente premiados/as anteriormente. Estas persoas serán nomeadas polo Sr. Concelleiro de Cultura a proposta do seu Equipo Técnico.

* Os/as seguintes técnicos/as da Área de Cultura, Educación e Patrimonio:

- O/a Técnico/a responsable da área de Educación.
- O/a Técnico/a responsable do Auditorio Municipal.
- O/a Técnico/a responsable da área de Arte e Patrimonio.
- O/A Director/a do Conservatorio ou da Escola de Música.
- Un/ha técnico cultural adscrito/a ao Departamento de Cultura.
- Un/ha bibliotecario/a responsable da Biblioteca Central ou das Parroquiais, escollido/a entre eles.

* O/A técnico/a responsable da área de Urbanismo.

Entre todos os membros do xurado escollerán un/unha secretario/a que actuará con voz e con voto e que levantará acta dos acordos.

4.- Os galardóns entregaranse na "Festa da Cultura" que se celebrará no Auditorio Municipal o, 14 de Novembro de 2015 .

2.-Facer público este acordo a través da prensa e notifica-lo aos colectivos sociais e culturais de Cangas así coma os grupos políticos municipais."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

MOBILIDADE E TRANSPORTE

8º.- SOLICITUDES DE SINALIZACIÓN VARIAS

8º.A.1) PROPOSTA DE SINALIZACIÓN DA RÚA ARRECIFE

Examinada a proposta da Policía Local de sinalización da rúa Arrecife do día 18.09.15, que di:

"ASUNTO: PROPOSTA DE SINALIZACIÓN DA RÚA ARRECIFE

A Xefatura da Policía Local de Cangas, por medio do presente informe fai constar:

Preséntase proposta de sinalización da rúa Arrecife, polo que estimamos conveniente retirar o sinal de circulación prohibida vehículo de máis 3,5t, dando lugar esta a confusións nos camioneiros que descargan nos frigoríficos.

Colocar sinais informativas de (FRIGORIFICOS E PASEO DE MASSÓ) en ambas marxes de calzada.

Rematar o pintado da liña amarela na marxe esquerda desde a beirarrúa ata a entrada de Frigoríficos.

O que trasladamos a Vde. para o seu coñecemento e efectos procedentes."

Así mesmo proponse incluír tamén sinal onde se atopa a gasoleira.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, aprobar integramente as propostas transcritas anteriormente.

8º.A.2) SOLICITUDE DE SINALIZACIÓN NA RÚA LONGÁN

Examinada a solicitude presentada por A. G. G., presentada o día 0.09.15, relativa á sinalización na rúa Longán.

Visto o informe proposta da Policía Local do día 16.09.15, que di:

"PROPOSTA DE SINALIZACIÓN NA RÚA LONGÁN

A Xefatura da Policía Local de Cangas, por medio do presente informa:

Que en contestación á instancia presentada por D.A. G. G. para regular a circulación na rúa Longán, por parte desta Xefatura non existe inconveniente en acceder ao solicitado.

Achégase proposta da sinalización por parte da Policía Local, a cal consiste en colocación de dous sinais de entrada prohibida que figuran no plano fotográfico.

O que trasladamos a Vde. para o seu coñecemento e efectos procedentes."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

PERSOAL

9º.- ESCRITO PRESENTADO POR R. L. M., CON MOTIVO DA SÚA XUBILACIÓN.

Dáse conta do escrito presentado o día 22.09.15 por R. L. M., no que comunica que é funcionaria do Concello de Cangas, coa categoría de notificadora e por cumprir o día 07.10.15 a idade regulamentaria para a xubilación, solicita a baixa laboral na empresa.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda conceder a baixa laboral, coa categoría de notificadora, a R. L. M. no Concello de Cangas e, así mesmo, trasladarlle o agradecemento da corporación municipal polos servizos prestados.

URXENCIAS

ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, (art. 83 R.d. 2568/1986, do 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:

A) APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN FESTAS DECLARADAS DE INTERESE TURÍSTICO (SEMANA SANTA 2015)

Examinada a proposta do día 28.09.15, de aprobación da conta xustificativa da subvención das Festas declaradas de interese turístico (Semana Santa 2015, que di:

"APROBACIÓN CONTA XUSTIFICATIVA SUBVENCIÓN FESTAS DECLARADAS DE INTERESE TURÍSTICO (SEMANA SANTA 2015)

De conformidade coa subvención concedida ao Concello de Cangas ao amparo da Resolución do 18 de decembro de 2014, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva de subvencións a concellos para o apoio, promoción e difusión ás festas declaradas de interese turístico de Galicia, concédese a este Concello a axuda que se indica a continuación:

INVESTIMENTO SUBVENCIONABLE: 3.365,00 euros
SUBVENCIÓN CONCEDIDA: 3.365,00 euros.

De conformidade coa documentación que consta non expediente e en especial, memoria, facturas aprobadas e pagadas, propoño:

Primeiro.- Aprobar a conta xustificativa da subvención concedida para a Semana Santa polo importe total de 4.342,00 euros de conformidade coa memoria redactada pola técnica, Cristina Padín Martínez e segundo a seguinte relación de facturas:

- Factura 03/15 da Banda de música "Bellas Artes".- Importe, 1.400,00 euros, aprobada en data do 28/09/2015, pagada o día 28/09/2015.
- Factura nº 5 da Banda de Tambores e Cornetas de Cangas.- Importe de 800,00 euros, aprobada o 15/04/2015, pagada o 21/04/2015.
- Factura 01-2015 de auabola, polo importe de 1,682,00 euros, en concepto de realización e impresión de cartelería, libro y dípticos Semana Santa, aprobada 10/04/2015, pagado o 12/04/2015
- Factura 02/2015, da ACF Tromentelo, polo importe de 460,00 euros en concepto da actuación na procesión do domingo de resurrección.

Segundo.- Que se tomou razón na contabilidade dos gastos que se xustifican e se expresan na táboa anterior.

Terceiro.- Que se cumpriu coa finalidade da subvención concedida de conformidade coa documentación que consta no expediente e a memoria redactada pola técnica en Turismo."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

B) ESCRITO DE LUCIA GARCÍA SOTELO S/COMUNICACIÓN DE OCUPACIÓN DE POSTO Nº 10 DE VENDA DE PEIXE DA PRAZA DE ABASTOS MUNICIPAL.

_____ Visto o escrito presentado o día 14.09.15 por L. G. S., no que indica que por acordo de Xunta de Goberno Local de data 24.08.15, se lle adxudicou o posto nº 10 de venda de peixe na Praza de Abastos Municipal, polo que comunica que xa procedeu a ocupar o mencionado posto, polo que procede o cambio de titularidade.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Autorizar, con carácter definitivo, a L. G. S. a transmisión da condición de concesionaria do posto nº 10 de venda de peixe no Mercado de Abastos Municipal, do que na actualidade é titular, A. S. G.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo á interesada e ó Departamento de Tesourería Municipal.

10º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formularon.

Sen máis asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria.

A secretaria

Visto e prace
o presidente